

NOTA DE PRENSA

Celebración da XIV Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega).

Santiago, 16 de xaneiro de 2019.- O venres 18 de xaneiro celebrárase a XIV Olimpíada de Bioloxía (Fase Autonómica Galega), na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña, que convoca a Asociación Olimpíada de Bioloxía (OEB) coa colaboración do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA-, as tres universidades galegas, e a Xunta de Galicia.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación científica entre o estudiantado do sistema educativo español.

Foron admitidos 33 centros: 13 da provincia de A Coruña, 13 de Pontevedra, 4 de Lugo e 3 de Ourense (*), e un total de 80 alumnos/as.

O certame consistirá na resolución dunha proba teórica tipo test e unha proba práctica de laboratorio, cos contidos de Bioloxía da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida. A proba de laboratorio é a segunda vez que se celebra, para adecuala ás probas nacionais e internacionais.

Previo ao Acto de clausura terá lugar unha Conferencia para docentes e alumnos/as titulada "Fauna próxima", cuxo ponente será Cosme Damián Romay, biólogo especialista en zooloxía, e que traballa principalmente en aves.

Os/as tres gañadores/as da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, que se celebrará en Palma de Mallorca do 28 ao 31 de marzo de 2019.

O certame conta co patrocinio de Principia Editorial e os Museos Científicos Coruñeses que entregarán premios aos gañadores.

É de resaltar que no ano 2017 asinouse un **Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten por obxecto o recoñecemento como actividade de innovación educativa da preparación e acompañamento do alumnado participante na olimpíada. O Convenio se materializa coa certificación de 15 horas de formación ao profesorado participante na fase autonómica e 25 horas na fase nacional. Esta formación inclúe dúas charlas de actualización científica para o profesorado. Unha titulada "Edición xénica con CRISPR" e outra "Por que non merco produtos ecolóxicos?".

Máis información:

COBGA: 981 53 14 40 (Pablo)

* A Coruña, Ames, Melide, Narón, Santiago de Compostela, Teo, Lugo, Monforte de Lemos, Sarria, Vilalba, A Pobra de Trives, Ourense, A Estrada, Caldas de Reis, Cangas do Morrazo, Lalín, Pontevedra, Valga, Vigo e Vilagarcía de Arousa